

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ANTONIO CORDERO GAÑA O 'ESTORNELA' E CARLOS MOSTEIRO, 'O BARCO'

## Literatura infantil con premio

Nestas datas estanse a facer públicos os fallos de diversos galardóns literarios. Desta vez foi a quenda de dous premios especializados en literatura infantil. Antonio Cordero Álvarez foi o gañador da cuarta edición do Estornela de teatro para nenos, concedido pola Fundación Xosé Neira Vilas. A obra, *O filibusteiro do mar da Marola*, conta as aventuras dun neno que queda engaiolado por un filibusteiro. O premio está dotado de 1.500 euros e a publicación da obra gañadora en Edicións do Castro. O mestre ourensán Cordero Álvarez recollerá o premio o domingo na sede da fundación, en Gres, Vila de Cruces.

- 10:32 14/12/2006

Por outra banda, a novela *Unha bruxa ben rara*, do escritor pontevedrés Carlos Mosteiro foi considerada merecedora do décimo noveno galardón O Barco, da Fundación SM. O autor recibirá un premio de 6.000 euros e verá publicado o seu libro. O xurado valorou a axilidade da obra e o feito de que racha moitos tópicos. A súa protagonista é unha bruxa boa da que abusan os nenos.